UN POETA IRLANDÉS de expresión propia

Vicente Araguas

Para Brian Hughes quen me levou á illa de Mr. Heaney.

Pouco coñecido nestes eidos Seamus Heaney é, non obstante, peza clave na lírica actual en inglés, Máis aínda o seu libro "Station Island" leva vendidos máis de 60.000 exemplares. O que tratándose dun poeta non precisamente fácil ou sensibleiro non deixa de semeller milagrosamente máxico. Mais o feito está ahí e podo testificar como os libros de Heaney véndense nos quioscos e tamén nas librarías dos aeroportos irlandeses. Algo extraño acontece, pois, ao redor da obra deste poeta de corenta e sete anos —Seamus Heaney naceu en 1939, en Mossbawn, North County Derry, Irlanda do Norde— que vive a cabalo entre Dublín e os Estados Unidos e que ronsel de Moore, Wilde, Joyce, Yeats, Kavanagh amplifica na súa voz a fonda poética de Irlanda.

Seamus Heaney nun principio influido por R.S. Thomas e Ted Hughes, logo por Wordsworth e os tamén irlandeses Yeats e Patrick Kavanagh, ten unha obra amplia, maiormente en verso: "Death of a naturalist", "Deor into the dark", "Wintering Out", "North", "Fiel Work", "Selected Poems 1965-75", "The Rattle Bag: An Anthology of Poetry", da cal o último título é "Statión Island".

Seamus Heaney pertence, xunto con Derek Mahon, Michael Longly e James Simmons ao "Group" ou poetas norirlandeses desvencellados da poesía "inglesa" e que xurdira en Belfast á sombra da Queen's University.

A poesía de Heaney está fondamente marcada polo telúrico. A pegada da terra vese ben presente en toda a imaxinería agrícola —lembranzas da nenez do poeta coexistente, ademáis, como toda unha teoría de "raigames": familia, eidos, orixines culturais e lingüisticos...— adobiada cun trasfondo urbán e de atención aos amigos —de outra banda motivo recurrente na poesía en inglés actual ás persoas en xeral, ás pequenas cousas.

Nos últimos anos a poesía de Heaney foi, progresivamente, implicándose ante os acontecimentos político-militares do Norde de Irlanda.

Ao libro "Statión Island" (1984) pertencen os seguintes poemas que traducín fuxindo de toda tentación "recreativa".

Sloe Gin

The clear weather of juniper
darkened into winter.
She fed gin to sloes
and sealed the glass container.

When I unscrewed it
I smelled the disturbed
Tart stilleness of a bush
rising through the pantry.

When I poured it
it had a cutting edge
and flamed
like Betelgeuse.

I drink to you
in smoke-mirled, blue-black,
polished sloes, bitter
and dependable.

"Xinebra de endrina"

O claro tempo de enebro
escureceu en inverno.
Ela alimentou con xinebra ás endrinas
e selou o recipente de vidro.

Cando descorchei
olín a quietude aceda
e revolta dun mato
erguendose a través da despensa.

Cando a verquín
tiña un frío cortante
e chameaba
cal Betelxeuse.

Bebo por ti
en endrina pulidas,
negriazuis
amargas e seguras.

Widgeon

for Paul Muldoon

It had been badly shot.
While he was plucking it
he found, he says, the voice box-

like a fluet stop
in the broken windpipe-

and blew upon it
unexpectedly
his own small widgeon cries.

"Cerceta"

Para Paul Muldoon

Fora malamente abatida
e mentres que el a derrumaba
atopou, seica, a caixa da voz-
como un flautado
no roto gaznate-
e soplou nela
e inesperadamente
a súa propia cercetiña
chora.

The Railway Children

When we climbed the solpes of the cuiting
We were eye-level with the white cups
Of the telegraph poles and the sizzling wires.

Like lovely freehand they curved for miles
East and miles west beyond us, sagging
Under their burden of swallows.

We were small and thought we knew nothing
Worth knowing. We thought words travelled the wires
In the shiny pouches of raindrops,

Each one seeded full with the light
Of the sky, the gleam of the lines, and ourselves
So infinitesimally scaled

We could stream through the eye of a needle.

"Os nenos do ferrocarril"

Cando gaveabamos os taludes da fendedela
tiñamos os ollos ao ras das copas brancas
dos postos do telégrafo e os chirriantes aramios.

Cal maravillosa man ceibe curvánbanse durante millas
ao leste e millas ao oeste alén nós, combándose
baixo o seu peso de anduriñas.

Eramos pequenos e coidábamos que non sabíamos nada
que pagara a pena saberse. Pensábamos que as palabras ían polos cables
nos saquiños brillantes das gotas de choiva.

Cada un de nós medraba comprido coa luz
do ceo, o escintileo dos carrís, e nós mesmos
tan infinitesimalmente escalados.

Eramos quen de pasar facilmente polo ollo dunha agulla.